



PREGUNTA ORAL SOBRE A SITUACIÓN DO TREN TURÍSTICO URBANO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tren turístico urbano viña funcionando na nosa cidade mediante un procedemento de concesión promovido pola sociedade pública Incolsa que se iniciou en 2007 e que se mantivo mediante unha nova concesión á mesma empresa en 2011, concesión que foi revogada mediante sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2015.

Para dar cumprimento a sentenza, tivéronse que avaliar novamente as ofertas das dúas empresas presentadas. Os técnicos de Incolsa realizaron novamente esta avaliación co mesmo resultado, é dicir, a empresa con mellor oferta foi a presentada pola empresa que resultara adxudicataria, Transportes Mosquera, polo que a Mesa de contratación propúxolle ao Consello de Administración esta adxudicación.

O tren estivo parado durante todo o proceso que durou esta nova avaliación ata a súa adxudicación. O contrato orixinal vencía o 5 de outubro de 2016 e, o alcalde, na sinatura do novo contrato prorrogou este contrato tanto tempo como días estivo parado, polo que o vencemento real producíase o 15 de xaneiro.

Porén, o tren turístico segue a funcionar na nosa cidade, pendente de licitar, despois de que, o 5 de xaneiro de 2017, os novos pregos de licitación foran sometidos a aprobación do Consello de Administración de INCOLSA.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta:

Baixo que fórmula ou mediante que título habilitante continúa prestando o seu servizo o tren turístico na actualidade e baixo que condicións económicas?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular